

MOCIÓN SOBRE O IMPULSO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente foi publicada no Boletín Oficial do Estado a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo europeo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

O Concello de Santiago de Compostela, desde o mesmo inicio deste período operativo FEDER, foi interesándose por coñecer as liñas de traballo, as vías de financiamento e os requisitos para participar nos diferentes programas. Deste xeito, suscitouse a estratexia SMARTiago para acceder aos fondos vinculados a I+D+i e á competitividade nas convocatorias xestionadas pola Dirección Xeral de Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade e nas xestionadas pola entidade pública empresarial *Red. es.*


No ámbito das iniciativas Urbana, URBAN e os Proxectos Pilotos Urbanos, os Fondos Estructurais e de Investimento Europeos teñen previsto apoiar o desenvolvemento de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado en cidades e áreas urbanas funcionais. Por esta razón, no mandato anterior, durante o primeiro trimestre de 2015, tramitouse a contratación do “*Documento de Estratexia Urbana Integrada Sostible para o Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020*” a través dun contrato menor do que resultou adxudicatario a empresa IDOM. Tamén se realizaron as primeiras convocatorias de traballo con todos os responsables dos distintos servizos do Concello para debuxar a dita estratexia.

Desde o Grupo Municipal somos conscientes de que se está continuando co desenvolvemento desta estratexia pero, tendo en conta que nos primeiros días do mes de xaneiro se pecha o prazo establecido, e sendo coñecedores de que nesta primeira convocatoria conta con maior dotación económica e probablemente con menos concorrencia, consideramos que non se pode desperdiciar esta ocasión. Por iso, cómpre intensificar os traballos para lograr incluír a proposta de Santiago de Compostela na primeira selección destas estratexias e poder acceder así ás importantes axudas europeas destinadas a este fin, que poden acadar ata os 15 millóns de euros para cidades de máis de 50.000 habitantes, como é caso do noso Concello.

En consecuencia, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

O Pleno Municipal insta ao órgano correspondente do Goberno local a que presente o documento da *“Estratexia Urbana Integrada Sostible para o Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020”* na primeira convocatoria realizada ao abeiro da orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 13 de novembro de 2015 e que utilice todos os medios ao seu alcance para conseguir que unha estratexia potente, que abarque o maior número de obxectivos temáticos, con sinerxías entre eles, que se reforce cos vínculos da estratexia *SMARTi*ago e que se apoie na participación pública.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2015



Asdo.: Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela